

g) A inasistencia ou o abandono inxustificado, por tempo superior a setenta e dúas horas e inferior a vinte días consecutivos ou trinta non consecutivos, da actividade en que consista a prestación social.

h) O atraso na incorporación ó posto de actividade ordenado por máis de tres días e ata un mes de duración.

3. Son infraccións leves:

a) A inasistencia ou abandono inxustificado por tempo non superior a setenta e dúas horas da actividade en que consista a prestación social.

b) O atraso na incorporación ó posto de actividade ordenado por tempo non superior a tres días.

c) A negligencia leve na conservación ou mantemento do material de equipamento e vestiario.

Artigo 18.

1. Ás infraccións previstas no artigo 17 correspóndelle-las seguintes sancións:

a) Amoestación persoal feita polo responsable da prestación social.

b) Perda dun mes de remuneración.

c) Asignación a outro servizo.

d) Prolongación, por un período máximo de tres meses, da prestación social substitutoria.

2. A competencia para exercer-la postestade disciplinaria establecerase regulamentariamente, así como o procedemento sancionador, respectando, en todo caso, os dereitos do inculpado, en especial, os de audiencia e defensa. Para a graduación das sancións en graves ou leves teranse en conta os criterios de intencionalidade, perturbación do servizo e reincidencia, e en ningún caso se poderá aplicar ás infraccións leves a sanción prevista na alínea d) do número anterior.

Disposición adicional primeira.

O Goberno realizará, con cargo á sección orzamentaria correspondente, as modificacións de crédito necesarias para o desenvolvemento dos convenios a que se refire o artigo 12, co fin de dota-las comunidades autónomas dos medios adecuados ás funcións e servizos especificados nos correspondentes convenios.

Disposición adicional segunda.

As administracións públicas, do mesmo xeito en que o fan respecto das obrigas militares, deberán garanti-la información e publicidade do dereito á obxección de conciencia e das modalidades para o exercer e, para isto, deberán establecer sistemas permanentes de información.

Disposición adicional terceira.

En tempo de guerra establecerase un réxime xurídico específico da prestación social substitutoria conforme as circunstancias especiais que concorran nese momento.

Disposición adicional cuarta.

Esta lei estenderá os seus efectos en canto subsista o servizo militar obrigatorio.

Disposición transitoria primeira.

Ata a constitución do Consello Nacional de Obxección de Conciencia na forma establecida nesta lei, continuará prestando os seus cometidos o actual Consello Nacional de Obxección de Conciencia.

Disposición transitoria segunda.

O réxime xurídico da prestación social substitutoria previsto nesta lei será de aplicación ós obxectores de conciencia que, sendo recoñecidos como tales con anterioridade á súa entrada en vigor, tivesen pendente ou non tivesen finalizado o cumprimento da prestación social.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a lei 48/1984, do 26 de decembro, reguladora da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira única.

O Goberno, no prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor da presente lei, elaborará cantas disposicións sexan precisas para o seu cumprimento e execución.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Dada en Madrid o 6 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**16302** *LEI ORGÁNICA 5/1998, do 7 de xullo, de reforma da Lei orgánica 3/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid. («BOE» 162, do 8-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea de Madrid, por consenso dos grupos parlamentarios nela existentes, considerou que as anteriores reformas do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, necesarias e convenientes cando se realizaron no seu momento, son insuficientes para a adecuada satisfacción, na actualidade, dos intereses dos cidadáns da Comunidade de Madrid, á que se debe ordena-la actividade da Comunidade.

Por iso, entendeuse que era indispensable acometer unha reforma en profundidade do Estatuto que, ademais de introducir melloras técnicas na súa redacción, satisfíxese dous obxectivos fundamentais.

En primeiro lugar, xulgouse necesaria unha reforma significativa do marco institucional da Comunidade de Madrid que afecta tanto ó Goberno autonómico e ós seus mecanismos de control como, fundamentalmente, á Asemblea. Respecto desta, tratábase de reforza-las súas funcións e de modificar algunhas das regras básicas da súa organización e funcionamento e do estatuto dos deputados, co fin de lle permitir a aquela desenvolver adecuadamente as funcións que lle corresponden tanto no exercicio da potestade lexislativa como no das fun-

cións de impulso e control do Goberno autonómico. Esta adecuación era absolutamente inaprazable para permitirla elevación do nivel de competencias da Comunidade de Madrid que constitúe o segundo obxectivo básico da reforma.

En efecto, a mellor satisfacción dos intereses dos madrileños demanda a elevación da capacidade de auto-goberno da Comunidade de Madrid, dentro dos termos da nosa Constitución, co fin de facer posibles políticas coordinadas e harmonizadas nos distintos sectores da actividade pública. Os diferentes grupos parlamentarios representados na Asemblea coinciden, por tanto, na necesidade de afondar de maneira significativa no proceso de asunción de competencias previsto no artigo 148.2 da Constitución para elevalo nivel das competencias nos termos que resulte constitucional e estatutariamente posible.

A reforma recollida nesta lei responde a estes obxectivos básicos enunciados e é froito do detido estudio e traballo dos grupos parlamentarios da Asemblea de Madrid desenvolvido no seo desta. Estes grupos entenderon que unha reforma substancial da norma institucional básica da Comunidade de Madrid como a que se acomete debía ser obxecto de consenso por riba de calquera outra consideración.

### Artigo primeiro.

Os preceptos da Lei orgánica 3/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, modificada pola Lei orgánica 2/1991, do 13 de marzo, e pola Lei orgánica 10/1994, do 24 de marzo, de reforma do dito Estatuto, que se relacionan quedan redactados da seguinte forma:

#### 1. Artigo un.

«1. Madrid, en expresión do interese nacional e das súas peculiares características sociais, económicas, históricas e administrativas, no exercicio do dereito á autonomía que a Constitución española recoñece e garante, é unha Comunidade Autónoma que organiza o seu autogoberno de conformidade coa Constitución española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A Comunidade Autónoma de Madrid denomínase Comunidade de Madrid.

3. A Comunidade de Madrid, ó facilita-la máis plena participación dos cidadáns na vida política, económica, cultural e social, aspira a facer realidade os principios de liberdade, xustiza e igualdade para tódolos madrileños, de conformidade co principio de solidariedade entre tódalas nacionalidades e rexións de España.»

#### 2. Artigo dous.

«O territorio da Comunidade de Madrid é o abrangido dentro dos límites da provincia de Madrid.»

#### 3. Artigo catro.

«1. A bandeira da Comunidade de Madrid é vermella carmesí, con sete estrelas en branco, de cinco puntas, colocadas catro e tres no centro do lenzo.

2. O escudo da Comunidade de Madrid establece por lei da Asemblea.

3. A Comunidade de Madrid ten himno propio, que é establecido por lei da Asemblea.

4. Declárase festa da Comunidade de Madrid o día 2 de maio.»

#### 4. Artigo cinco.

«A capital da Comunidade, sede das súas institucións, é a vila de Madrid, podendo os seus organismos, servicios e dependencias localizarse noutros municipios do territorio da Comunidade, de acordo con criterios de descentralización, desconcentración e coordinación de funcións.»

#### 5. Artigo sete.

«1. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns da Comunidade de Madrid son os establecidos na Constitución.

2. Para os efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de cidadáns da Comunidade os españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos seus municipios.

3. Como madrileños, gozan dos dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa na Comunidade de Madrid e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan, na forma que determine a lei do Estado.

4. Correspóndelles ós poderes públicos da Comunidade de Madrid, no ámbito da súa competencia, promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-las obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.»

6. O artigo oito quedará integrado no título I, antes do capítulo I, coa seguinte redacción:

«Os poderes da Comunidade de Madrid exercecense a través das súas institucións de autogoberno: a Asemblea, o Goberno e o presidente da Comunidade.»

#### 7. Artigo nove.

«A Asemblea representa o pobo de Madrid, exerce a potestade lexislativa da Comunidade, aproba e controla o orzamento da Comunidade, impulsa, orienta e controla a acción do Goberno e exerce as demais competencias que lle atribúen a Constitución, o presente Estatuto e o resto do ordenamento xurídico.»

#### 8. Artigo dez.

«1. A Asemblea é elixida por catro anos mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, atendendo a criterios de representación proporcional.

2. A Asemblea estará composta por un deputado por cada 50.000 habitantes ou fracción superior a 25.000, de acordo cos datos actualizados do censo de poboación. O mandato dos deputados remata catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da Cámara nos supostos previstos neste Estatuto.

3. Os deputados non estarán ligados por ningún mandato imperativo.

4. Unha lei da Asemblea regulará as eleccións, que serán convocadas polo presidente da Comunidade, de conformidade co disposto neste Estatuto.

5. A circunscrición electoral é a provincia.

6. Para a distribución de escanos só se terán en conta as listas que obtivesen, polo menos, o 5 por 100 dos sufraxios validamente emitidos.

7. As eleccións terán lugar o cuarto domingo de maio de cada catro anos, nos termos previstos na Lei orgánica que regule o réxime electoral xeral. A sesión constitutiva da Asemblea terá lugar dentro dos vinte e cinco días seguintes á proclamación dos resultados electorais.

8. Serán electores e elixibles tódolos madrileños maiores de dezoito anos de idade que estean en pleno goce dos seus dereitos políticos. A Comunidade Autónoma facilitarálle-lo exercicio do dereito ó voto ós madrileños que se encontren fóra da Comunidade de Madrid.»

#### 9. Artigo once.

«1. Os deputados da Asemblea recibirán das autoridades e funcionarios a axuda que precisen para o exercicio do seu labor e o trato e precedencia debidos á súa condición, nos termos que estableza unha lei da Asemblea.

2. A adquisición da condición plena de deputado requirirá, en todo caso, a prestación da promesa ou xuramento de acatamento da Constitución e do presente Estatuto de autonomía.

3. Os deputados percibirán unha asignación, que será fixada pola Asemblea.

4. A Asemblea determinará por lei as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados.

5. Os deputados gozarán, aínda despois de cesaren no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

6. Durante o seu mandato os membros da Asemblea non poderán ser detidos nin retidos por actos delictivos cometidos no territorio da Comunidade, senón en caso de flagrante delicto, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculcación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Fóra do dito territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.»

#### 10. Artigo doce.

«1. A Asemblea dotarase do seu propio regulamento, a aprobación e reforma do cal serán sometidas a unha votación final sobre a súa totalidade, que requirirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos deputados.

2. O regulamento determinará, de acordo co establecido no presente Estatuto, as regras de organización e funcionamento da Asemblea, especificando, en todo caso, os seguintes extremos:

- a) As relacións entre a Asemblea e o Goberno.
- b) O número mínimo de deputados necesario para a formación dos grupos parlamentarios.
- c) A composición e funcións da Mesa, as Comisións e a Deputación Permanente, de maneira que os grupos parlamentarios participen nestes órganos en proporción ó número dos seus membros.
- d) As funcións da Xunta de Portavoces.

e) A publicidade das sesións e o quórum e maiorías requiridos.

f) O procedemento legislativo común e os procedementos legislativos que, se é o caso, se establezan.

g) O procedemento de elección dos senadores representantes da Comunidade de Madrid.»

#### 11. Artigo trece.

«1. A Asemblea elixirá de entre os seus membros o presidente, a Mesa e a Deputación Permanente.

2. Os deputados da Asemblea constituiranse en grupos parlamentarios, os portavoces dos cales integrarán a Xunta de Portavoces, que se reunirá baixo a presidencia do presidente da Asemblea.

3. A Asemblea funcionará en pleno e por comisións.»

#### 12. Artigo catorce.

«1. A Asemblea reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias. Os períodos ordinarios de sesións serán dúas ó ano: o primeiro de setembro a decembro e o segundo, de febreiro a xuño.

2. Entre os períodos ordinarios de sesións e nos supostos de expiración do mandato ou de disolución da Asemblea funcionará a Deputación Permanente, á que lle corresponde velar polos poderes da Cámara e cantas outras atribucións lle confira o Regulamento. Trala celebración de eleccións, a Deputación Permanente dará conta ó Pleno da Asemblea, unha vez constituída esta, dos asuntos tratados e das decisións adoptadas.

3. As sesións extraordinarias deberán ser convocadas polo presidente da Asemblea por pedimento do Goberno, da Deputación Permanente, dunha cuarta parte dos deputados ou do número de grupos parlamentarios que o regulamento determine. As sesións extraordinarias deberán convocarse sobre unha orde do día determinada.

4. Para deliberar e adoptar acordos a Asemblea deberá estar reunida regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros. Os acordos deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes, salvo naqueles supostos para os que o Estatuto, o regulamento ou as leis esixan maiorías especiais.»

#### 13. Artigo quince.

«1. A Asemblea exerce a potestade legislativa nas materias de competencia exclusiva da Comunidade de Madrid recollidas no artigo 26 do presente Estatuto.

Igualmente exerce a potestade legislativa nas materias previstas no artigo 27 deste Estatuto, así como naquelas que se lle atribúan, transfiran ou deleguen en virtude do disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 150 da Constitución.

2. A iniciativa legislativa correspóndelles ós deputados, ós grupos parlamentarios e ó Goberno, nos termos que se establezan no Regulamento da Asemblea. Por lei da Asemblea poderase regular o exercicio da iniciativa legislativa popular e dos concellos, para as materias ás que se refire o punto 1.

3. A Asemblea soamente poderá delegar a potestade de dictar normas con rango de lei no Goberno de acordo co establecido para o suposto de delegación das Cortes Xerais no Goberno da Nación, nos artigos 82, 83 e 84 da Constitución.»

#### 14. Artigo dezaseis.

«1. A Asemblea elixe, de entre os seus membros, o presidente da Comunidade de Madrid e controla a acción do Goberno e do seu presidente.

2. O regulamento establecerá as iniciativas parlamentarias que lle permitan á Asemblea exercer o control ordinario do Goberno e obter del e da Administración da Comunidade a información precisa para o exercicio das súas funcións. O regulamento regulará, así mesmo, o procedemento que se seguirá para a aprobación pola Asemblea, no exercicio das súas funcións de impulso, orientación e control da acción de goberno, de resolucións ou mocións de carácter non lexislativo.

3. Correspóndelle, igualmente, á Asemblea:

a) A aprobación e o control dos orzamentos da Comunidade e o exame e aprobación das súas contas.

b) O coñecemento e control dos plans económicos.

c) Acordar operacións de crédito e débeda pública.

d) A ordenación básica dos órganos e servizos da Comunidade.

e) O control dos medios de comunicación social dependentes da Comunidade.

f) A potestade de establecer e esixir tributos.

g) A interposición do recurso de inconstitucionalidade e a comparecencia perante o Tribunal Constitucional, nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

h) A solicitude ó Goberno da Nación da adopción de proxectos de lei e a remisión á Mesa do Congreso dos Deputados de proposicións de lei, delegando ante a dita Cámara ós membros da Asemblea encargados da súa defensa.

i) A designación dos senadores que representarán a Comunidade, segundo o previsto no artigo 69.5 da Constitución. Os senadores serán designados en proporción ó número de membros dos grupos políticos representados na Asemblea. O seu mandato no Senado estará vinculado á súa condición de membros da Asemblea.

j) A ratificación dos convenios que a Comunidade de Madrid conclúa con outras Comunidades Autónomas, para a xestión e prestación de servizos propios da súa competencia.

Estes convenios serán comunicados de inmediato ás Cortes Xerais.

k) A ratificación dos acordos de cooperación que, sobre materias distintas ás mencionadas na alínea anterior, conclúa a Comunidade de Madrid con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

l) A recepción da información que facilitará o Goberno da Nación sobre tratados e convenios internacionais e proxectos de normativa alfandegaria en canto se refiran a materias de interese específico para a Comunidade de Madrid.

m) A fixación das previsións de índole política, social e económica que, de acordo co artigo 131.2 da Constitución, subministrará a Comunidade de Madrid ó Goberno da Nación para a elaboración de proxecto de planificación.

n) A aprobación de plans xerais de fomento relativos ó desenvolvemento económico da Comunidade de Madrid, no marco dos obxectivos sinalados pola política económica nacional.

ñ) Cantos outros poderes, competencias e atribucións lle asignen a Constitución, o presente Estatuto e as leis.»

## 15. Artigo dezasete.

«1. O presidente da Comunidade de Madrid ostenta a suprema representación da Comunidade

Autónoma e a ordinaria do Estado nela, preside e dirixe a actividade do Goberno, designa e separa os vicepresidentes e conselleiros e coordina a Administración.

2. O presidente poderá delegar funcións executivas e de representación propias nos vicepresidentes e demais membros do Goberno.

3. O presidente é politicamente responsable ante a Asemblea.»

## 16. Punto 3 do artigo dezaioito.

«3. Se a Asemblea lle outorgase por maioría absoluta a súa confianza ó dito candidato, El-Rei nomearao presidente da Comunidade de Madrid. De non alcanzarse a dita maioría, someterase a mesma proposta a nova votación corenta e oito horas despois e a confianza entenderase outorgada se obtívese maioría simple.»

## 17. Punto 1 do artigo dezanove.

«1. O presidente da Comunidade de Madrid, logo de deliberación do Goberno, pode presentar perante a Asemblea a cuestión de confianza sobre o seu programa ou unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos deputados.»

## 18. Artigo vinte.

«1. A Asemblea pode esixir a responsabilidade política do presidente ou do Goberno mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura. Esta terá que ser proposta, polo menos, por un 15 por 100 dos deputados e terá que incluír un candidato á Presidencia da Comunidade de Madrid.

2. A moción de censura non poderá ser votada ata que concorran cinco días desde a súa presentación. Se a moción de censura non fose aprobada pola Asemblea, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

3. Se a Asemblea adoptase unha moción de censura, o presidente xunto co seu Goberno cesará, e o candidato incluído naquela entenderase investido da confianza da Cámara. El-Rei nomearao presidente da Comunidade de Madrid.»

## 19. Introdúcese, dentro do capítulo II do título I un artigo vinteun coa seguinte redacción:

«1. O presidente da Comunidade de Madrid, logo de deliberación do Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acorda-la disolución da Asemblea con anticipación ó termo natural da lexislatura. A disolución formalizarase por decreto, no que se convocarán pola súa vez eleccións, e nel conteranse os requisitos que esixa a lexislación electoral aplicable.

2. O presidente non poderá acorda-la disolución da Asemblea durante o primeiro período de sesións da lexislatura, cando quede menos dun ano para o remate da lexislatura, cando se encontre en tramitación unha moción de censura ou cando estea convocado un proceso electoral estatal. Non procederá nova disolución da Asemblea antes de que transcorra un ano desde a anterior.

3. En todo caso, a nova Cámara que resulte da convocatoria electoral terá un mandato limitado polo termo natural da lexislatura orixinaria.»

20. O actual artigo vinteun pasa a ser artigo vintedous coa seguinte redacción:

«1. O Goberno da Comunidade de Madrid é o órgano colexiado que dirixe a política da Comunidade de Madrid, correspondéndolle as funcións executivas e administrativas, así como o exercicio da potestade regulamentaria en materias non reservadas neste Estatuto á Asemblea.

2. O Goberno estará composto polo presidente, o ou os vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros. Os membros do Goberno serán nomeados e separados polo presidente.

Para ser vicepresidente ou conselleiro non será necesaria a condición de deputado.»

21. O actual artigo vintedous pasa a ser artigo vintetrés coa seguinte redacción:

«1. Os membros do Goberno non poderán exercer outras actividades laborais, profesionais ou empresariais que as derivadas do exercicio do seu cargo. O réxime xurídico e administrativo do Goberno e o Estatuto dos seus membros será regulado por lei da Asemblea.

2. O Goberno responde politicamente perante a Asemblea de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada conselleiro pola súa xestión.»

22. O actual artigo vintetrés pasa a ser artigo vintecatro coa seguinte redacción:

«1. O Goberno cesa trala celebración de eleccións á Asemblea, nos casos de perda de confianza parlamentaria previstos neste Estatuto e en caso de dimisión, incapacidade ou falecemento do presidente.

2. O Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Goberno.»

23. O actual artigo vintecatro pasa a ser artigo vintecinco coa seguinte redacción:

«1. A responsabilidade penal do presidente de Goberno, vicepresidentes e dos conselleiros será esixible perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo. Non obstante, a dos vicepresidentes e conselleiros para os delitos cometidos no ámbito territorial da súa xurisdicción será esixible ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

2. Ante as salas correspondentes dos mesmos tribunais, respectivamente, será esixible a responsabilidade civil en que as ditas persoas incorresen con ocasión do exercicio dos seus cargos.»

24. Artigo vinteseis.

«1. A Comunidade de Madrid, nos termos establecidos no presente Estatuto, ten competencia exclusiva nas seguintes materias:

1.1 Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

1.2 Creación ou supresión de municipios, alteración dos termos municipais comprendidos no seu territorio e creación de circunscricións territoriais propias, nos termos previstos no artigo 3 do presente Estatuto.

1.3 Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

1.4 Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

1.5 Obras públicas de interese da Comunidade, dentro do seu propio territorio.

1.6 Ferrocarrís, estradas e camiños cun itinerario que discorra integramente no territorio da Comunidade de Madrid e, nos mesmos termos, o transporte terrestre e por cable. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transportes terrestres no ámbito da Comunidade.

1.7 Instalacións de navegación e deporte en augas continentais, aeroportos e heliportos deportivos, así como os que non desenvolvan actividades comerciais.

1.8 Proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da Comunidade. Augas nacentes, superficiais, subterráneas, minerais e termais, cando discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade de Madrid. Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade de Madrid.

1.9 Pesca fluvial e lacustre, acuicultura e caza.

1.10 Tratamento singular das zonas de montaña.

1.11 Instalación de produción, distribución e transporte de calquera enerxía, cando o transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra Comunidade. Todo iso sen prexuízo do establecido nos números 22.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

1.12 Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo coas materias 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

1.13 Feiras e mercados interiores, incluídas as exposicións.

Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

1.14 Cooperativas e entidades asimilables, mutualidades non integradas na Seguridade Social, conforme a lexislación mercantil.

1.15 Artesanía.

1.16 Denominacións de orixe, en colaboración co Estado.

1.17 Fomento do desenvolvemento económico da Comunidade de Madrid, dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional.

1.18 Arquivos, bibliotecas, museos, hemerotecas, conservatorios de música e danza, centros dramáticos e de belas artes, e demais centros de depósito cultural ou coleccións de análoga natureza, de interese para a Comunidade de Madrid, que non sexan de titularidade estatal.

1.19 Patrimonio histórico, artístico, monumental, arqueolóxico, arquitectónico e científico de interese para a Comunidade, sen prexuízo da competencia do Estado para a defensa deles contra a exportación e a expoliación.

1.20 Fomento da cultura e da investigación científica e técnica.

1.21 Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

1.22 Deporte e ocio.

1.23 Promoción e axuda á terceira idade, emigrantes, minusválidos e demais grupos sociais necesitados de especial atención, incluída a creación de centros de protección, reinserción e rehabilitación.

1.24 Protección e tutela de menores e desenvolvemento de políticas de promoción integral da mocidade.

1.25 Promoción da igualdade respecto á muller que garanta a súa participación libre e eficaz no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

1.26 Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade de Madrid.

1.27 Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións.

1.28 Coordinación e demais facultades en relación coas policía locais, nos termos que estableza a lei orgánica.

1.29 Casinos, xogos e apostas con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.

1.30 Espectáculos públicos.

1.31 Estatística para fins non estatais.

1.32 Servicio meteorolóxico da Comunidade de Madrid.

2. No exercicio destas competencias corresponderalle á Comunidade de Madrid a potestade legislativa, a regulamentaria e a función executiva que se exercerán respectando, en todo caso, o disposto na Constitución española.

3.1 De acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á Comunidade de Madrid, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nas materias 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución, a competencia exclusiva nas seguintes materias:

3.1.1 Ordenación e planificación da actividade económica rexional.

3.1.2 Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia.

3.1.3 Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear.

3.1.4 Agricultura, gandería e industrias agroalimentarias.

3.1.5 Institucións de crédito corporativo público e territorial. Caixas de Aforro.

3.1.6 Sector público económico de Madrid, en canto non estea recollido por outros preceptos deste Estatuto.

3.2 A Comunidade de Madrid participará, así mesmo, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que procedan.»

## 25. Artigo vinteseite.

«No marco da lexislación básica do Estado e, se é o caso, nos termos que esta estableza, correspóndelle á Comunidade de Madrid o desenvolvemento legislativo, a potestade regulamentaria e a execución das seguintes materias:

1. Réxime local.

2. Réxime xurídico e sistema de responsabilidade da Administración pública da Comunidade de Madrid e os entes públicos dependentes dela, así como o réxime estatutario dos seus funcionarios. Contratos e concesións administrativas, no ámbito de competencias da Comunidade de Madrid.

3. Réxime dos montes e aproveitamentos forestais, con especial referencia ós montes veciñais en man común, montes comunais, vías pecuarias e pastos.

4. Sanidade e hixiene.

5. Coordinación hospitalaria en xeral, incluída a da Seguridade Social.

6. Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais. Exercicio das profesións tituladas.

7. Protección do ambiente, sen prexuízo da facultade da Comunidade de Madrid de establecer normas adicionais de protección. Contaminación biótica e abiótica. Vertidos no ámbito territorial da Comunidade.

8. Réxime mineiro e enerxético.

9. Protección dos ecosistemas nos que se desenvolvan a pesca, a acuicultura e a caza. Espacios naturais protexidos.

10. Defensa do consumidor e do usuario, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

11. Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social. A Comunidade de Madrid poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio, prensa e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.

12. Ordenación farmacéutica e establecementos farmacéuticos, sen prexuízo do disposto na materia 16.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

13. Bens de dominio público e patrimoniais a titularidade dos cales corresponda á Comunidade, así como as servidumes públicas en materia das súas competencias.»

## 26. Artigo vinteoito.

«1. Correspóndelle á Comunidade de Madrid a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1.1 Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co previsto na materia 17.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución, reservando o Estado para si a alta inspección condcente ó cumprimento da función a que se refire este precepto.

1.2 Xestión das prestacións e servizos sociais do sistema de Seguridade Social: Inserso. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-la condición de beneficiario e o financiamento efectuaranse de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co disposto na materia 17.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

1.3 Crédito, banca e seguros, de acordo coas previsións das regras 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

1.4 Asociacións.

1.5 Feiras internacionais que se celebren na Comunidade de Madrid.

1.6 Museos, arquivos, bibliotecas e outras coleccións de natureza análoga de titularidade estatal a xestión directa dos cales non estea reservada ó Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.

1.7 Aeroportos e heliportos con cualificación de interese xeral a xestión directa dos cales non estea reservada ó Estado.

1.8 Pesos e medidas. Contraste de metais.

1.9 Reestructuración e implantación de sectores industriais, conforme os plans establecidos pola Administración xeral do Estado.

1.10 Productos farmacéuticos.

1.11 Propiedade intelectual e industrial.

1.12 Laboral. De conformidade coa materia 7.<sup>a</sup> do punto 1 do artigo 149 da Constitución, correspóndelle ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado na materia.

1.13 Transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino no territorio da Comunidade de Madrid, sen prexuízo da execución directa que reserva para si o Estado.

2. No exercicio destas competencias corresponderalle á Comunidade de Madrid a administración, execución e, se é o caso, inspección, así como a facultade de dictar regulamentos internos de organización dos servicios correspondentes, de conformidade coas normas regulamentarias de carácter xeral que, en desenvolvemento da súa lexislación, dicte o Estado.»

27. O actual artigo vintenove pasa a ser artigo trinta, coa seguinte redacción:

«1. A Comunidade de Madrid poderá asumir competencias sobre materias non previstas no presente Estatuto mediante a súa reforma ou por decisión das Cortes Xerais, adoptada a través dos procedementos previstos na Constitución.

2. A Comunidade de Madrid, mediante acordo da Asemblea, poderá solicitarlles ás Cortes Xerais a aprobación de leis marco ou leis de transferencia ou delegación, que atribúan, transfiran ou deleguen facultades ás Comunidades Autónomas e, especificamente, á de Madrid.»

28. O actual artigo trinta e tres pasa a ser artigo trinta e dous, coa seguinte redacción:

«1. A Comunidade de Madrid poderá solicitar do Goberno da Nación a celebración de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para Madrid.

2. A Comunidade de Madrid será informada da elaboración dos tratados e convenios internacionais e nas negociacións de adhesión a estes, así como nos proxectos de lexislación alfandegaria, en canto afecten a materias do seu específico interese. Recibida a información, o Goberno da Comunidade emitirá, se é o caso, o seu parecer.

3. A Comunidade de Madrid adoptará as medidas necesarias para a execución, dentro do seu territorio, dos tratados e convenios internacionais e dos actos normativos das organizacións internacionais, no que afecten ás materias propias de competencia da Comunidade de Madrid.»

29. O actual artigo trinta e seis pasa a ser artigo trinta e cinco, coa seguinte redacción:

«A Administración da Comunidade de Madrid, como ente de dereito público, ten personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. A súa responsabilidade, e a das súas autoridades e funcionarios, procederá e esixirase nos mesmos termos e casos que estableza a lexislación do Estado na materia.»

30. O actual artigo trinta e nove pasa a ser artigo trinta e oito, coa seguinte redacción:

«A Administración da Comunidade de Madrid desenvolverá a súa actuación a través dos órganos, organismos e entidades dependentes do Goberno que se establezan podendo delegarlas ditas funcións nos municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto se así o autoriza unha lei da Asemblea, que fixará as oportunas formas de control e coordinación.»

31. O actual artigo corenta e un pasa a ser artigo corenta, coa seguinte redacción:

«1. As leis aprobadas pola Asemblea serán promulgadas en nome de El-Rei polo presidente da Comunidade, que ordenará a súa publicación no "Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid" e no "Boletín Oficial del Estado", entrando en vigor o día seguinte ó da súa publicación naquel, salvo que nelas se dispoña outra cousa.

2. Os regulamentos aprobados polo Goberno serán publicados, por orde do presidente do Goberno, no "Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid" e, se é o caso, no "Boletín Oficial del Estado".»

32. O actual artigo corenta e dous pasa a ser artigo corenta e un, coa seguinte redacción:

«O Goberno poderá interpoñer recursos de inconstitucionalidade, suscitar conflitos de competencia e comparecer perante o Tribunal Constitucional nos supostos ou termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.»

33. O actual artigo corenta e tres pasa a ser artigo corenta e dous, coa seguinte redacción:

«As leis da Asemblea estarán suxeitas unicamente ó control de constitucionalidade polo Tribunal Constitucional.»

34. O actual artigo corenta e cinco pasa a ser artigo corenta e catro, coa seguinte redacción:

«O control económico e orzamentario da Comunidade de Madrid será exercido pola Cámara de Contas, sen prexuízo do que lle corresponda ó Tribunal de Contas, de acordo co establecido nos artigos 136 e 153.d) da Constitución.

Por lei da Asemblea regularanse a composición e as funcións da Cámara de Contas.»

35. O actual artigo corenta e sete pasa a ser artigo corenta e seis, coa seguinte redacción:

«Os órganos xurisdiccionais que exercen a súa xurisdicción no ámbito territorial da Comunidade de Madrid estenderán a súa competencia:

a) Nos ámbitos civil, penal e social, a tódalas instancias e graos, con excepción dos recursos de casación e revisión.

b) Na orde contencioso-administrativa, ós recursos contra actos ou disposicións das administracións públicas e contra as resolucións xudiciais que non estean atribuídas ás Salas do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ou da Audiencia Nacional.

En todo caso, coñecerán, nos termos da Lei orgánica do Poder Xudicial, dos recursos que se deduzan contra actos e disposicións administrativos dos órganos da Comunidade de Madrid.

c) Ás cuestións de competencia que se susciten entre eles.

Nas restantes materias poderase interpoñer, cando proceda, e segundo o establecido na Lei orgánica do Poder Xudicial, ante o Tribunal Supremo, o recurso de casación ou o que corresponda segundo as leis do Estado e, se é o caso, o de revisión. O Tribunal Supremo resolverá tamén os conflitos de competencia e xurisdicción entre os tribunais con sede na Comunidade de Madrid e os do resto de España.»

36. O actual artigo corenta e oito pasa a ser artigo corenta e sete, coa seguinte redacción:

«1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid será nomeado por El-rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos termos previstos na Lei orgánica do Poder Xudicial. O presidente da Comunidade ordenará a publicación do dito nomeamento no "Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid".

2. O nomeamento dos maxistrados, xuíces e secretarios do Tribunal Superior de Xustiza efectuarase na forma prevista na Lei orgánica do Poder Xudicial.

3. Correspóndelle ó Estado, de conformidade coas leis xerais, a organización e funcionamento do ministerio fiscal.»

37. O actual artigo cincuenta pasa a ser artigo corenta e nove, coa seguinte redacción:

«En relación coa Administración de Xustiza, exceptuando a militar, correspóndelle:

1. Ó Goberno da Comunidade, exercer tódalas facultades que a Lei orgánica do Poder Xudicial lle recoñeza ou lle atribúa ó Goberno da Nación.

2. Á Asemblea, fixa-los límites das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais da Comunidade de Madrid e a súa capitalidade, de conformidade coa Lei orgánica do Poder Xudicial.

3. A ámbalas institucións, coadxuvar na organización e instalación dos tribunais e xulgados, con suxeición, en todo caso, ó disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.»

38. Introdúcese dentro do título IV un artigo cincuenta, coa seguinte redacción:

«1. A Comunidade de Madrid participará na fixación das demarcacións correspondentes nas notarías, rexistros da propiedade e mercantís radicados no seu territorio.

2. Os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís e outros fedatarios públicos serán nomeados pola Comunidade de Madrid de conformidade coas leis do Estado e en igualdade de dereitos, tanto se os aspirantes exercen dentro como fóra de Madrid.»

39. Artigo cincuenta e dous.

«1. O patrimonio da Comunidade de Madrid está integrado por tódolos bens, dereitos e accións dos que sexa titular, estean ou non adscritos a algún uso ou servizo público e calquera que sexa a súa natureza e o título de adquisición.

2. Unha lei da Asemblea regulará o réxime xurídico do patrimonio da Comunidade de Madrid, así como a súa administración, conservación e defensa.»

40. Puntos 1 e 9 do artigo cincuenta e tres.

«1. Os rendementos dos seus propios impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.»

«9. O produto das operacións de crédito e a emisión de débeda pública.»

41. Artigo cincuenta e catro.

«1. A participación anual da Comunidade de Madrid nos ingresos do Estado, a que se refire o número 4 do artigo 53, negociarase atendendo ós criterios que fixe a lexislación de desenvolvemento do artigo 157 da Constitución e calquera outro que permitan garantir, con suficiencia e solidariedade, o exercicio das competencias da Comunidade de Madrid.

A porcentaxe de participación poderá ser obxecto de revisión nos seguintes supostos:

a) Cando se amplíen ou reduzan as competencias asumidas pola Comunidade de Madrid entre as que anteriormente correspondesen ó Estado.

b) Cando se produza a cesión de novos tributos.

c) Cando se leven a cabo reformas substanciais no sistema tributario do Estado.

d) Cando, transcorridos cinco anos desde a súa entrada en vigor, sexa solicitada a súa revisión polo Estado ou pola Comunidade de Madrid.

2. A porcentaxe de participación establecerase por lei.»

42. Punto 4 do artigo cincuenta e cinco.

«4. O Goberno poderá realizar operacións de crédito por un prazo inferior a un ano, con obxecto de cubri-las súas necesidades transitorias de tesourería. A Lei de orzamentos da Comunidade regulará anualmente as condicións básicas destas operacións.»

43. Artigo sesenta, na súa primeira frase.

«Correspóndelle ó Goberno da Comunidade de Madrid.»

44. Punto 1 do artigo sesenta e un.

«1. Correspóndelle ó Goberno a elaboración e execución do orzamento da Comunidade de Madrid, e á Asemblea, o seu exame, emenda, aprobación e control. O Goberno presentaralle o proxecto de orzamento á Asemblea cunha antelación mínima de dous meses á data do inicio do correspondente exercicio.»

45. Artigo sesenta e dous.

«Nas empresas ou entidades financeiras de carácter público cun ámbito de actuación que se estenda fundamentalmente á provincia de Madrid, o Goberno da Comunidade, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará as persoas que o representarán nos órganos de administración daquelas.»

46. Punto 1 do artigo sesenta e catro.

«1. A reforma do Estatuto axustarase ó seguinte procedemento:

A iniciativa da reforma corresponderalle ó Goberno ou á Asemblea de Madrid, por proposta dunha terceira parte dos seus membros, ou de dous tercios dos municipios da Comunidade a poboación da cal represente a maioría absoluta da Comunidade de Madrid.



A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación da Asemblea por maioría de dous tercios e a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.»

#### 47. Punto 1 da disposición adicional primeira.

«1. Cédeselle á Comunidade de Madrid, nos termos previstos no número 3 da presente disposición, o rendemento total ou parcial dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, cos límites e condicións que se establezan na cesión.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- d) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- e) A imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista.
- f) Os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais.
- g) Os tributos sobre o xogo.

A eventual supresión ou modificación dalgún destes tributos implicará a modificación ou extinción da cesión.»

#### 48. Disposición adicional segunda.

«A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordinalo calendario das diversas consultas electorais.»

### Artigo segundo.

Queda suprimido o seguinte precepto: artigo 25.

### Artigo terceiro.

Os artigos enumerados a seguir, o texto dos cales permanece inalterado, modifica a súa numeración na forma que se indica:

- O artigo 30 pasa a se-lo artigo 29.
- O artigo 32 pasa a se-lo artigo 31.
- O artigo 34 pasa a se-lo artigo 33.
- O artigo 35 pasa a se-lo artigo 34.
- O artigo 37 pasa a se-lo artigo 36.
- O artigo 38 pasa a se-lo artigo 37.
- O artigo 40 pasa a se-lo artigo 39.
- O artigo 44 pasa a se-lo artigo 43.
- O artigo 46 pasa a se-lo artigo 45.
- O artigo 49 pasa a se-lo artigo 48.

### Artigo cuarto.

Modifícanse os contidos e a denominación dos títulos que se relacionan, quedando redactados da seguinte forma:

- a) Título preliminar. Contén desde o artigo 1 ata o artigo 7, inclusive.
- b) Título I: «Da organización institucional da Comunidade de Madrid». Contén desde o artigo 8 ata o artigo 25, ámbolos dous incluídos.

### Artigo quinto.

Modifícanse os capítulos do título I, que adoptarán a seguinte denominación:

- Capítulo III: «Da Asemblea de Madrid».
- Capítulo III: «Do Presidente».
- Capítulo III: «Do Goberno».

### Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 7 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**16303** LEI 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento. («BOE» 162, do 8-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

A tódolos que a viren e a entenderen sabede que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

#### Antecedentes

A política española de cooperación para o desenvolvemento ten basicamente a súa orixe na declaración contida no preámbulo da Constitución de 1978, na que a Nación española proclama a súa vontade de colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre tódolos pobos da Terra.

A política de cooperación internacional para o desenvolvemento constitúe un aspecto fundamental da acción exterior dos Estados democráticos en relación con aqueles países que non acadaron o mesmo nivel de desenvolvemento, baseada nunha concepción interdependente e solidaria da sociedade internacional e das relacións que nela se desenvolven.

A esta concepción da interdependencia nas relacións internacionais e da necesidade dunha política de cooperación internacional para o desenvolvemento responde especificamente o mandato contido no preámbulo da Constitución española de contribuir no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre tódolos pobos da Terra.

A partir de que España deixara de ser considerada en 1981 como país receptor de axuda internacional, a progresiva formulación e posta en práctica desta política tivo que ter en conta feitos relevantes, como son, entre outros, o ingreso de España nos distintos bancos rexionais de desenvolvemento (Banco Interamericano, Banco Africano e Banco Asiático), complementados pola nosa participación en todos aqueles organismos de carácter económico e financeiro dedicados á cooperación para o desenvolvemento, en particular os fondos e programas da Unión Europea. Por outra parte, a creación, polo Real decreto-lei 16/1976, do 24 de agosto, do fondo de axuda ó desenvolvemento constitúe un instrumento da maior importancia dentro da cooperación bilateral de España con países menos desenvolvidos.

Con esta perspectiva, á que se sumaban as actividades do Ministerio de Asuntos Exteriores en materia de cooperación para o desenvolvemento, tanto o informe